

Edita: Club Montañeiros Celtas.

Dirección: Marisa Núñez Suárez

Coordinación: Xulio Troitiño Dapena - Deseño e maquetación: Enrique Soto

Traducción: Marisa Núñez e Xulio Troitiño - Normalización lingüística: Enrique González Cameselle

Colaboran neste número: Conchi Barciela, Jose Luis Vázquez, Carlos Rodríguez, Xulio Troitiño, Maruxa Pérez, Lois Faro, Elba Sanlés, Carmen Fernández Peña, Penélope Aranda, Enrique González, Antonio Caldelas, Celso Gándara, Alberto Fontenla, Emilio Ballesteros, Carolina Rodríguez, Eugenia Carrera, Óscar Quiñones, Lourdes Castiñeiras.

Club Montañeiros Celtas non comparte, necesariamente, as opinións dos seus colaboradores.

Imprime: Garpe. Depósito Legal: VG:40-1998. Impreso en papel reciclado.

Subvencionado pola
Presidencia da Xunta
de Galicia.
Secretaría Xeral de
Política Lingüística.



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



Colabora
Concello de Vigo
- Área de
Participación
Cidadá



CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

Nº 86

JUNIO JULIO 2007

Editado 22/06/07

VINDEIRAS ACTIVIDADES

	DATA	LUGAR	ACTIVIDADE	SECCIÓN
XUÑO	24	Donón	Xornada de escalada en O Facho	S.D. Xuventude-S.D. Escalada
	23-24		XXXVI Campamento e Marcha Infantil-Xuvenil de Montaña	FGM-CP. TREVINCA
	23-24	Forcarei	Campamento	FGE
	23-24	Chandrexa	Travesía Serra de Queixa	S.D. Montañismo
	30 Xun.- 1 Xull		Curso de Escalada en Fisuras	FGM-EGAM
	30 Xun.- 1 Xull		Curso de Descenso de Barrancos	FGM-EGAM

XUL.	1		Camiño de Santiago- Vía da Prata- VII Etapa	S.D. Senderismo
	7	Cangas	Marcha de Verán	S.D Infantil
	7.8	Portugal	Descenso de Barrancos	S.D MONTAÑISMO- FGM
	13-29	Eslovenia	Alpes Julianos	FGM
	14-15	Galiñeiro	Bicicleta de Montaña	S.D. Bicicleta de Montaña
	15	Ría de Vigo	Inmersión Submarina	S.D. Actividades Subacuáticas
	15		Xornadas abertas de canóns	S.D. Espeleoloxía
	14-15	Rianxo	Campamento de Verán	Actividades Sociais

AGO.	28 Jul. - 5 Ago.	Huesca	Val de Tena- Pirineos	S.D. Montañismo
	6-12		Campamento Anual da FEDME	FEDME

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

- ♦ Avda. Camelias 78, Oficina K. 36211 - Vigo
- ♦ Apartado de Correos 1836. 36200 - Vigo
- ♦ Teléfono: 986 438 505 - Fax: 986 912 220
- ♦ Internet: www.celtas.net
- ♦ Correo electrónico: info@celtas.net
- ♦ Horario: 19.00 h - 21.30 h, de martes a venres

PIRINEOS 2007- VAL DO TENA (HUESCA) PIRINEO CENTRAL 10º CAMPAMENTO DE VERÁN CELTA

4 - 12 de Agosto

A persistencia e o empeño son características de moitos montañeiros e así acadamos a 10ª edición do Campamento de Verán nos Pirineos. Temos previsto, como en anos anteriores facer actividades de montaña e sendeiro. A paciencia e moita complicidade fixéronnos coñecer estas montañas de luz. Esperámosvos no Pirineo Central cun programa moi variado e axeitado para todos os nosos asociados.

Saída: 3 de Agosto ás 23.30

Regreso: 12 de Agosto ás 10.00

Aloxamento: Cámping "Escarra", en Escarilla-Huesca con Restaurante, Supermercado, Piscina, Parque Infantil, Pista Tenis...

Prezo: Adultos 5,25 € D/P, Nenos 5,10 € D/P, Tenda 5,20 € D/0, Hotel 45 € con almorzo e cea incluído, Bungalow 6 Persoas 125 €

Prezo Bus. 128 €

PROGRAMA

-Domingo 5

Montaña: ascensión aos Picos do Inferno (3082). Espectacular

Sendero: GR 15 dende o cámping ata Acumuer Recorrido suave con fermosas vistas, dolmen de sta. Elena. Pasaremos polas vilas de Yosa e de Aso. Ascenso ao collado Estacho Plano e chegada a Acumuer.

-Luns 6

Montaña: Gran Facha (3005)

Sendero: GR 15 dende Acumuer ata Borau, percorrido longo pero sen fortes desniveis. Visita de igrexas e ermidas románicas. Vistas sobre o Midi D'Ossau.

-Martes 7

Montaña: ascensión ao Garmo Negro (3051) é este un 3000 asequible

Sendero: val del Gállego. Saída dende o cámping ata Sallent de Gállego, cruzaremos os encoros de Bubal e Lanuza e remataremos nas piscinas municipais de Sallent. A organización ten asegurado sol para ese día.

-Mércores 8

Montaña: serra de Tendereña.

Ascensión ao Tendereña (2853) Peña De Otal



(2705) Tozal do Rebollar (2354) e descenso á vila de Broto.

Sendero: GR 15 dende o cámping ata broto.

Será o percorrido máis duro dos programados para os sendeiristas. O esforzo quedará compensado coas vistas e a beleza dos lugares visitados.

-Xoves 9

Montaña e sendeiro:

Estación de esquí Formigal Canfranc, dende formigal e seguindo o GR 11 ata canfranc pola variante da canal Roya. Subida ata os Ibones de Anayet (2230) cunha subida opcional ao Pico de Anayet (2545) que ten unha trepada dalgunha dificultade, despois séguese o GR 11 ata a confluencia co canal de izas e desvío ata a fermosa estación de tren de Canfranc.

-Vernes 10

Montaña: opción 1: Peña Telera (2764) e descenso ao cámping, opción 2: Midi D'Ossau. Imprescindible casco.

Sendero: GR 16 Camiño do Serrablo. Dende o cámping ata Sabiñanigo. Paseo pola histórica comarca do Serrablo, ata os Maios De Ison, percorrido polas vilas de Oros, Olivan, Larrede, Senegüe, Latas, Satue e Isun De Basa.

Cea de confraternidade pirenaica.

Sábado 11

Saída as 10.00 h cara a vigo.

BOA ESTANCIA MONTAÑEIRA !!!

Neste número:

Pirineos 2007 **1**

Axenda **2**

Info Xeral Club **2**

Bici de Montaña **3**

Actividades da FGM **4**

Montañismo/ Senderismo **5**

Infantil/ Juvenil **6**

Operación Benxamin **7**

Escalada/ Senderismo **8**

Actividades Subacuáticas **9**

EspeleoSección **10**

Vindeiras Actividades **12**

AXENDA

Venres, 6 xullo Proxección de fotos “Expedición Ojos del Salado”, Por Conchi Barciela, Oli Vidal e Teresa García. No Club ás 20.30 horas

Venres, 21 setembro Proxección de fotos. “Actividades de Montaña Verán 2007”. No Club ás 20.30 horas

INFO XERAL DO CLUB

NOVA TRABALLADORA

Ana Isabel Caramés, é a nova cara que atoparedes ao chegar á oficina do Club. Esta nova traballadora ocupa o posto vacante que por razóns de estudio deixou Iria Cotarelo.

As dúas administrativas, Ana Isabel Caramés e Nerea Suárez, teñen contrato laboral en vigor.

VACACIÓNS

O noso local social permanecerá pechado durante o mes de agosto, abrindo novamente ás súas portas o luns 4 de setembro.



Dous momentos da charla que nos ofreceu o noso amigo Cholo (Antonio Fernández Pena) sobre os perigos da montaña o pasado día 1 de xuño no local social. Grazas pola exposición e polos consellos.

COMPOSICIÓN DA NOVA XUNTA DIRECTIVA

Presidente	<i>Fernando Fernández Rey</i>
Vicepresidenta	<i>Maruxa Pérez Barreira</i>
Secretaria	<i>Cristina Alonso Álvarez</i>
Tesoureira	<i>Marisa Núñez Suárez</i>
S.D. Infantil	<i>Lourdes Castiñeira Souto</i>
S.D. Montaña/Sendeiro	<i>Olivia Vidal Muños Concepción Barciela Villar</i>
S.D. Escalada	<i>Iago Rodríguez Estévez</i>
S.D. Esquí	<i>Marcos Rodríguez González</i>
S.D. Bici Montaña	<i>Xulio Troitiño Dapena</i>
S.D. Espeleoloxía	<i>Carolina Rodríguez Dominguez</i>
S.D. Subacuáticas	<i>Alberto Fontenla Pita Baamonde</i>
Biblioteca/Cartografía	<i>Maruxa Pérez Barreira</i>



ESPELEOSECCIÓN

Xornadas de preparación de travesías en Cantabria, do 28 de abril ao 1 de Maio

Pois achegueime dende A Coruña a Asón para tomar parte neste cursiño, onde tamén coincidín con Antonio federado independente, Miguel e Maribel de lucus augusti, Jose Luis, Julian, Andiñón e Pablo (alias el Guaje) de ECDC e Alberto de brigantium. Os profesores eran Iván e Antonio de ECDC e Jesús Sáez de Celtas.

O curso tiña bastantes horas de teoría que tivemos que apurar un pouco. Houbo algunhas cousas que me pareceron interesantes como a topografía de cavidades ou a cartografía. Pero non podíamos parar moito, que andabamos un pouco xustos de tempo. Fixemos un par de días de prácticas na boca de cova Mur, un inmenso buraco

Cantabria 17-20 maio (ponte das Letras Galegas)

Carol e eu tiñamos moi claro, o caso era marchar; a Asturias, Estremadura... Cantabria foi a elixida, ninguén se apuntou, quedou nunha auténtica viaxe de pracer. Tras sete ou oito horas de viaxe que se fixeron realmente curtas, pois a estrada estaba baleira e a compañía e a charla moi grata, chegamos a Ramales de la Victoria, unha vila rodeada de montañas e ríos míticos coma o Ason, nesta vila seríamos recibidos por un montón de amigos que nos acolleron e nos fixeron sentir como na casa, moitos deles compoñentes do club de espeleo do lugar (AER) e o resto moi afin a todo o relacionado con este mundo cavernícola.

Como describirvos Cantabria e o xogo que dan as súas cavidades?, para iso hai infinidade de guías, eu vouvos dicir

XI Campamento galego infantil-xuvenil de espeleoloxía do 26-27 de maio

Non hai moitos clubs de espeleoloxía en Galicia, e tampouco hai moitos clubs que se dignen organizar campamentos e menos campamentos infantís-xuvenís, así, con esta premisa, tocounos organizar de novo o Campamento Galego infantil-xuvenil, incluído no calendario da Federación Galega.

Este ano decidimos realizar o campamento nas Furnas do litoral do Morrazo. O horario das mareas, da marea baixa, non foi o noso aliado e o sol tampouco, pois o sábado estivo anublado, ¡co que se agradece un calorciño do sol cando un sae mollado das furnas!, e o domingo choveu gran parte da mañá.

Comezamos a actividade na estación marítima da Ría porque os participantes de Celtas iríamos en barco ata Cangas e dende alí desprazariámonos a Liméns percorrendo a senda pola beira do mar. Levamos as mochilas en coche de apoio.

No Cámping Liméns, que nos cedeu as súas instalacións, o que agradecemos enormemente, montamos o campamento. Foron chegando os participantes do E.C. Ardelas de Vigo e tamén do G.E. Lugo e máis tarde os de G.E.S. Ártabros da Coruña. Comemos no cámping porque a marea baixa non era ata as 5,30 da tarde. Ao acabar de comer desprazámonos a Cabo Home, onde preparámonos para visitar a Furna do Lago. Con gran acopio de xente maior para axudar nos pasos dificultosos, visitamos a Furna, un total de 19 rapaces e varias persoas maiores. Ao saír, despois de cambiar a roupa mollada por outra seca para entrar nos coches, dirixímonos cara á Furna do Caño, a marea xa estaba

na parede onde estabamos parcialmente resgardados da choiva. Eu agradecín volver a montar a ditosa pasamán recuperable. Fixemos unha das posibles travesías de Vallina. Xa estivera na cova había dous anos, pero non lembraba case nada. Gustoume volver. A cova fíxose longa porque había moito que practicar. Tivemos un pequeno atranco preto da boca da saída, que solucionamos grazas á axuda dos compañeiros que nos esperaban fóra. O bo é que ninguén se mancou.

Polo demais, tivemos ata proxección de presentación de fotos da viaxe de Andiñón e mais Alberto a Madeira, un grolíño de viño e un chisquiño de pastel. Aparte dos canóns, a paisaxe da illa impresionaba, A ver se anotamos Madeira para unha viaxe da sección ¿non? **Eugenia Carrera**

as miñas sensacións; Foi unha fin de semana inesquecible, visitamos covas turísticas cheas de pinturas rupestres e formacións como a das Monedas e El Castillo e tamén a boca de Cullalvera esta, no mesmo casco urbano de Ramales, parecía unha estación de autobuses, tamén gozamos da espeleo en estado puro na Cova de Cañuela, Carol nunca a esquecerá nin eu tampouco, xogou á pita con nós e lle tocou a ela...so foi un susto; no Mortero de Astrana, a súa boca e o seu aceso en voador un verdadeiro espectáculo natural, como diría o anuncio. “Cantabria para vivirla”, ben e nin vos conto a vida social que tivemos, estes mozos só pensan en comer e saír de fiestuki, total unha experiencia moi completa. O regreso, foi tranquilo, con ese regustinho de telo pasado coma nunca, foron uns días de sensacións. **Óscar Quiñones**

subidiña e a noite achegábase, tampouco ía calor, e aínda así un grupo de rapaces visitaron a bonita Furna co seu cano de auga potable.



De regreso ao cámping, cea a base de riquísimos espaguetes e roscón de sobremesa, algún xogo e algunha que outra volta antes de botarse a durmir.

A mañá do domingo amenceu con chuvia a esgalla, os corpos dos pequenos buligaban nas tendas, facíanselle pequenas e querían saír, almorzouse nas tendas e facendo algún tempo con xogos esperamos a que deixara de chover alá polas once e media. Desprazámonos á Furna de Santa Marta e pouco puidemos facer, montáronse cordas para descender á furna e montáronse cordas nas árbores contiguas para practicar. A visita a Furna houbo que suspendela porque había un niño de Colín con crías e a práctica nas árbores escapouse das mans por falta de tempo e material, así que algúns nenos quedaron sen poder probar.

A pesar de todos os reveses, foi unha actividade moi divertida e participativa, foron uns 19 nenos de varios clubs galegos e uns cantos maiores que o sábado ou o domingo, ou os dous días botaron unha man para que este campamento fora inesquecible.

A Sección

Páxina 11

ESPÉLEO-CANÓNS-MERGULLO-PATEO-CHOIVA (máis da conta)

Un ano máis os nosos plans de ir a Mallorca víronse desprazados polas nosas indecisións. Pois ben, o novo obxectivo encamiñouse a Xirona, a onde saímos o sábado cedo e chegamos case 14 horas despois. Os primeiros días pasariámoslos na costa, en Calella de Palafrugell e á metade da semana, cambiaríamos o campamento cara ao interior, a Besalú. Na costa os plans eran de pateo, mergullo, visitas turísticas, algunha ruta verde,...e no interior pois espéleo, canóns, pateos, ...

O domingo día 1 Alberto e Emilio inauguraron as inmersións no Mediterráneo, indo a mergullar á zona de Ullastres I, Saíron no barco dende Llanfranc e foron como reis pois ían sos no barco pero esqueceron encargar antes a temperatura da auga e saíron algo arrefriados. Mentres, os demais; Carol, Lourdes, Daniel e Marta fomos de pateo pola costa dende Calella a Llanfranc, onde chegamos a tempo de despedir aos mergulladores. O resto do día, de recoñecemento xeral da zona, acopio de comida, ...

O luns amence chovendo a mares e pouco podemos facer durante todo o día. Intentamos Carol, Daniel, Alberto e Marta facer un anaquiño dunha ruta verde dende San Feliu de Guixols pero a cousa facíase demasiado longa e o tempo non acompañaba nada, pois tivemos choiva case de seguido. Abandonamos os nosos plans na Platja d'Aro e mentres xantabamos, esperamos a que nos viñeran a recoller Emilio e Lourdes que estiveran de visita polo dolmen de Romanyá de la Selva e os bosques de arredor. Esa noite o grupo veuse aumentado pola chegada de Eugenia, Ana e Pedro e o noso nivel de asolagamento case chega ao tope, pois non parou de chover en toda a noite e non suaveciño precisamente.

O martes é día de ver como está de mollado todo e adaptar os plans a un novo día de nubes e máis choiva. Decidimos facer unha visita á cidade de Xirona, onde adubemos polas súas murallas, un baño árabe, as súas xeadas,...(e iso que case estaba a chover). Pola noite volta para o cámping e decidimos alugar un bungalow en vista de que tiñamos bastantes cousas molladas pola choiva da noite anterior.

O mércores Carol, Marta, Alberto e Eugenia madrugan máis que os demais e van xa cara a zona de Besalú, onde quedaron con Toni para facer o descenso do Torrent de la Corva. Nada máis meter o pé na auga xa nos demos conta de que estaba bastante fresca. A choiva dos días anteriores a esa altura foi de neve e iso notábase. Iniciamos o descenso, moi bonito por certo, a bo ritmo, pero decidimos saír cando nos quedaba 1/3 do canón pois a auga estaba realmente fría e aínda nos quedaba o tramo máis acuático. Ben fixemos, pois nada máis chegar aos coches, empeza a nevar copiosamente e a estrada se puxo algo delicada.

Ese día o resto da tropa desmonta o

campamento en Calella e o monta de novo xa en Besalú, onde estaríamos ata o final da semana. Aproveitan para visitar o castelo de Figueras e para ir buscar a Inma a Blanes. Un día máis, o xoves, amence con algunhas nubes e dedicamos o día a visitar a zona volcánica de La Garrotxa, Olot, Castefollit de la Roca, e diversas vilas e lugares da zona. Estivemos observando, coas explicacións xeolóxicas de Daniel, algunhas columnas basálticas, volcáns,... Ese día súmase ao grupo Javi, Mónica, que virían de canóns e espéleo, e Amable e Pablo, que tiñan intención de ir mergullar nos días seguintes.

Por fin o venres apareceu o sol...e imos nós, e metémonos nunha cova...non hai quen nos entenda. Estivemos na Cova de Les Bores de Burró, que é en xeso. Alí adentámonos por unha boca, saímos por outra, volvemos meternos por outra distinta, saímos pola primeira,...un parque de atraccións, pois constitúe un sistema con 11 bocas. Nese día Alberto, Pablo e Amable irían mergullar nun dos paraísos subacuáticos da Costa Brava...as Illas Medas. Volveron encantados, e senón preguntádelles a Alberto.

O sábado foi día de canóns, outra vez, e fomos ao Canón de Les Canals. Madrugamos para poder acceder a un tramo do camiño co coche (é parque natural e abre á barreira só un tempo pola mañá). A aproximación foi de 3h, que se fixeron algo longas pero que mereceron ben a pena, pois a zona é preciosa. Metémonos no canón un grupo bastante numeroso, pois nos acompañaron outros amigos do club de Toni e Inma, pero fixémoslo moi dinámico e en aproximadamente 3h xa estabamos na saída. Aínda nos quedaría unha hora e media máis de pateo para regresar aos coches pero o día xa estaba completo. Esa noite celebramos no cámping unha cea de despedida.

O domingo xa era día de regreso e levantámonos moi cedo para chegar a Vigo a unha hora razoable. Atrás deixamos, unha boa semana (a pesares da choiva), ós nosos amigos Toni e Inma e a Alberto, Pablo e Amable que aproveitaron a mañá para facer unha inmersión máis

A sección



Club Montañeiros Celtas

UN BO DIA DE BTT

27 DE MAIO

Chegamos a Soutelo de Montes e xa o día prometía, o ceo despejado e una temperatura agradable. Nos reunimos e nos diriximos a aparcas os coches onde daríamos comezo a ruta.

En a saída comezamos “ben” subindo por camiños cerrados de vexetación, o día prometía, a subida íase pondo máis dura e a roupa xa ía sobrando, ata que chegamos á parte alta da serra. Comezando un percorrido de pequenas subidas e baixadas, nas que houbo algún pequeno susto, pero sen importancia. Conforme íamos baixando da serra aparecía a paisaxe típica da Galicia rural, con casas desperdigadas pola



paisaxe de prados verdes, e a nosa ruta continuaba polos camiños entre fincas. Cruzamos algún río, ata chegar de novo ata onde estaban os coches.

Para ser un bo día de BTT, ¿Qué nos faltaba?. Os pinchazos correspondentes, e como non, tamén algunha

que outra equivocación no “camiño a seguir”. Pero realmente completouse o bo día de BTT, cunha boa comida (croca), en boa compañía e una boa tertulia.

Carlos Rodríguez

MARCHA DE BICI POLO GALLEIRO

27 MAIO

Hai que ver como se enruga a xente cunhas cantas pingueiras de nada!. Vale que o domingo fose xornada electoral ou que incluso os que saíran o día anterior tivesen preguiza para saíren da cama, pero que por un pouco de poeira se tivese que aprazar unha saída de bici de montaña! Entón, poucas saídas se van facer neste club. Menos mal, que catro de nós fomos quen de facerlle fronte á fronte borrascosa que estaba situada na Ría de Vigo.

A saída era para subir en bici ao monte Galleiro, que está situada no concello de Pazos de Borbén, e para iso alí estabamos catro: Carlos, Fontenla, Vázquez e máis eu. Saímos de Redondela as dez da mañá, e na máis montarnos nas bicis xa estabamos mollados, pero así che son as cousas e a chuvia non nos arreda. Así que comezamos a dar pedais para espantar a borralla e quentar os músculos, pois o inicio do roteiro era en costa.

Á media hora de comezar a marcha de bici deixou de chover, pero xa daba igual, xa estabamos quentes e había que seguir subindo sen descanso ata o Galleiro, pois se parabamos enfriabamos. Polo que só paramos un chisco nunha fonte para coller auga e proseguimos paseniño cara o cumio.

Ao chegar alí arriba, podemos comprobar que as nubes aínda non nos abandonaran e non podemos gozar das bonitas vistas. Nun día normal estaríamos a ver a enseada de San Simón coas illas do mesmo nome, as Illas Cíes e algún que outro avión en manobra de despexe ou aterraxe. Mágoa, pero xa habrá outras ocasións. Así que baixamos un chisco para poder facer unha parada máis a cuberto.

Un par de galletiñas e unhas pezas de chocolate e para baixo, que húmidos como estabamos non se podía parar moito, pois senón collíanos o frío. A baixada era desas que fan afección, sobre todo cando tes uns bos amortiguadores.

Hai que ver canto costa subir e que logo tes pos abaixo. Menos mal que non chovía, pois senón ía ser difícil poder ver onde se metía a roda.

Ao fin, un pouco enlamados e con gañas de darse unha ducha, chegamos outra volta a Redondela, onde lle quitamos o barro as bicis e para o coche, que xa eran horas de comer.

Xulio Troitiño Dapena

VINDEIRA SAÍDAS DE BICICLETA DE MONTAÑA

14 de xullo

Quen dixo que as saídas de bicicleta de montaña son incompatibles coa movida nocturna dos sábados!. Como ultimamente os domingos pola mañá á xente lle costa levantarse da cama para vir dar unha volta, a sección de bicicleta de montaña decidiu poñer máis doado: unha saída nocturna o sábado 14 de xullo. Aproveitando e esperando que para aquela o bo tempo acompañe, estamos preparando unha saída ao Galiñeiro para facer un botellón no refuxio dos montañeiros celtas (isto sen que se dea conta o presi).

22-23 setembro

.....e para despois do verán, máis e mellor. Aproveitando que todos viremos máis morenos e descansados despois das vacacións, a sección está a preparar unha saída de fin de semana (posiblemente o 22 e 23 de setembro) ao Courel. A idea sería saír de Vigo o sábado pola mañá para ese mesmo día facer un saída polas montañas da zona. A noite pasariámola no refuxio de montaña da Seara, e ao día seguinte faríase algo sinxelo para volver fresquiños ao fogar.

A sección de bici de montaña

**XLII CAMPAMENTO E MARCHA
GALEGA DE MONTAÑA F.G.M.**

21 e 22 de Abril

O Club de Montaña Ribeira Sacra argallou este campamento. O lugar elixido o seu propio entorno. O Sábado día de xuntanza e de festa na súa emblemática vila, Parada de Rivas do Sil. O campamento estaba nunha carballeira das que xa parece que só quedan nas películas. Nun lugar de tanta beleza non podía ser menos a Marcha, nun día espléndido que anunciaba o verán. Os da Ribeira Sacra, sempre nos fan sentir como na casa. Xantar de confraternidade, agasallos, despedidas e volta á cidade.

**MARCHA DAS GREAS - Federación
Galega de Montaña**

5 de Maio Redondela - Nigrán

5ª edición das Greas. Moitos asiduos a esta proba que xa ten un lugar preferente no calendario anual Galego. Xente moi variada na que algúns so miraban a meta. Fíxose parte do recorrido do primeiro ano pero á inversa. A subida ao Cepudo a máis custosa, caía o sol a CHUMBO e pesaba o licor café. Nalgúns puntos faltaba xente da organización, polo demais proba superada. Verémonos o ano que vén.

Conchi Barciela

**CURSO DE ORIENTACIÓN FGM-EGAM
12-13 DE MAIO**

A Fin de semana do 12-13 de maio, a través da FGM e a EGAM, ofrecéusenos a posibilidade dun curso de orientación en montaña

Non teño base científica, e iso que busquei en Internet, pero a miña impresión é que as mulleres nos orientamos peor que os homes, no monte, aínda que non vén a conto e partindo desa premisa, basicamente o que nos explicaron durante esta fin de semana vén a ser como segue:

O primeiro e imprescindible: ao monte sáese SEMPRE con mapa e compás (aínda que nos acompañe un guía). Como saber que se está lendo ben o mapa é fácil: non temos que facer ningún contorsionismo co pescozo. Isto que dito así parece unha chorrada, non o é tanto, e para saber se imos na dirección que queremos, necesitamos un compás, una vez coincida o norte coa literatura do mapa, este está ben orientado.

Todo isto soa a manual da OPERACIÓN BENXAMÍN, pero para unha persoa que nunca leu un mapa, non hai nada elemental.. ¡CRÉDEME!

Agora xa sei que cada garabato que aparece ten o seu porque. (En realidade, cada porque vén debidamente detallado na parte inferior de cada mapa, agora seino).

Cando un mapa aparece especialmente garabateado, con moitas raíñas moi xuntas, hai que botarse a tremer. Estas son curvas de nivel, e cada raia soe significar 20 metros de desnivel, así que cantas máis raias, maior desnivel. Ah! E o numerío é a altitude, que tamén é unha información relevante.

(Baixo ningún concepto tratades de acadar o sendeiro azul, por moi chulo que vos pareza: normalmente é un río).

NO curso explicóusenos o manexo do compás. É un aparello fabuloso cunha frechiña vermella que sempre sinala ao norte (ao magnético, que non é o xeográfico). Así que nos facilita moito a vida no monte. Orientado o compás ao punto ao que queremos dirixirnos, facemos coincidir ao mesmo tempo o norte coa frechas vermella, e xa saberíamos en relación a ese mesmo norte, en que dirección nos debemos dirixir. Ao mellor lieime, pero é sinxelísimo.

Ben, se ademais tedes “pasta”, tedes a opción do G.P.S.: permite determinar unha posición cunha precisión duns poucos metros. Impresionante, non? Pois ademais é sinxelo de utilizar.

Funciona mediante unha rede de satélites e na órbita sobre o globo con traxectorias para cubrir toda a superficie da terra.



Cando precisas determinar unha posición, localiza automaticamente como mínimo catro satélites, dos que recibe uns sinais que nos dan a información.

Quedan moitas cousas no tinteiro, e é que foron só dous días. Ademais de que quedamos coas ganas de facer prácticas de campo, que o mal tempo nolo fixo imposible.

Pero a conclusión é bastante positiva, calquera ten a opción de ser autónomo no monte, so precisa ter a preocupación de practicar unhas nocións básicas que están ao alcance de todos nós.

Maruxa Pérez

**XIII DESCENSO DE BARRANCOS
CAÑÓN DE FAFIÃO. RÍO TOCO
(Serra de Gerés. Portugal)
7 e 8 de Xulio**

Este ano tócanos a nós argallar esta nova edición do descenso o cal foi por certo ideado por un dos nosos asociados, Evaristo.

O Fafião é un canon que presenta moi poucas dificultades técnicas, con moitos destrepes. As pozas presentan unha cor verdosa, contrastando co branco do granito.

O punto de encontro será o sábado ás 9.00 h da mañá no refuxio de Albite onde tamén pernoctaremos.

Na noite do sábado teremos unha cea de confraternidade no complexo do Corgo, en Muíños. O domingo tamén faremos un pequeno descenso. Animádevos a vir. E senón queres facer o canón, vén facer o sendeiro que cruza o Fafião e sigue polo río Segueira é un entorno magnífico moi recomendable.

Mergullo 25 de marzo 2007

O día 25 de marzo, tivemos unha nova saída da sección subacuática, nesta ocasión o día comezou despexado e con sol o que nos facía pensar que a medida que fose avanzando o día se iría incrementando a temperatura.

As 9:00 quedamos no Real Club Náutico de Vigo Guille, e Celso para realizar a baixada. Mentres montábamos os equipos, Alberto, que aínda que non baixaba, achegouse por alí e tróuxonos algún avituallamento para os que aínda non almorzáramos. ¡¡¡¡Todo un detalle Alberto!!!!. Cara as 10:15 estábamos no barco que nos levaría a Area Milla, que é unha zona ao lado da praia en Cangas. Fíxéronse tres grupos e 3-4 persoas.

A visibilidade era de 8-9 metros, a profundidade máxima 15 de metros e a temperatura da auga andaba arredor dos 13 grados. A inmersión desenvolveuse con normalidade, non había moito bicho, pero algúns si vimos...

Despois de 50 minutos de inmersión subimos ao barco e a verdade foi que o sol non remataba de quentar suficiente e pasamos un pouco de frío á volta, e para podela levar un pouco mellor, e facendo gala de fraternidade dos mergulladores, de súpeto apareceron galletas e outras cousas de comer que axudaron a que reaccionasen os nosos corpos atecidos. Ao final chegamos arredor das 12:00 de novo o Náutico.

Celso Gándara Carnero



Mergullo en Nerga

Moi boas amiguiños mergulladores!

Unha vez máis, relátovos a miña última aventura submarina nuns fondos areosos con zonas rochosas intercaladas, máis ou menos en fronte de Nerga.

Catro mergulladores baixaron seguindo o cabo do rizón inmersos nesa turbia nebulosa de plactón que sempre te fai dubidar se vas poder ver algo no fondo e, cando por fin, ao cabo remata se abre ante ti unha preciosa pradería de Laminaria ochroleuca, esas inmensas algas pardas das que dous meses antes, tan só se podían ver os estipes. Entre elas as Aplisias punctatas, peixiños varios e lindos gasterópodos e hidrozooos que as habitan. Desprazámonos por riba delas, unha longa distancia ata que chegamos a unha zona rochosa; increíbles paredes verticais de rochas cubertas de anémonas amarelas e tamén violáceas; se rebuscas entre as gretas sempre unha nécora atoparás, e incluso un curioso polbo que vixiaba os nosos movementos dende o seu tobo; defendidas entre as rochas, os bosques de Gorgonias que delatan a súa vitalidade pola nubeciña de pólipos brancos que as cobren. Tamén pintos e maragotas circulan arredor, e se te fixas un expectante e mimético lorcho toparás pousado nas rochas. Cando permanecín mirando durante un minuto un peixiño con liñas azuis fosforescentes crin que me metera nun acuario!

Inmersión Areamilla; sábado 14/04/07

Nesta saída, como noutras veces acompañamos aos compoñentes do curso de “iniciación” do Casco Antigo. Eles, cos seus respectivos instructores, e eu coa miña nova “parella de feito” Óscar Quiñones. Tras fondear o barcos de Ángel fronte á Praia de Aremilla, equipámonos e zambullímonos cun “paso de xigante”.

Este lugar é de inmersión fácil e moi agradecido,

Continuámolo camiño e un cabo cubeto de algas nos sorprendeu, seguímolo ata chegar ao encallado rizón que un barco pesqueiro tería que abandonar algún día por non ser posible recuperalo (nós tamén o tentamos... pero non se podía sacar...). Sempre nas arestas das pedras topas un enorme e globoso ourizo que me fai preguntarme como raio conseguen chegar alí estes intrépidos pinchudos? Segue a ruta por unha zona cha e areosa cuberta de ofiuras que semellan imitar un campo de margaridas levantando o extremo dos seus brazos cara arriba. De cando en vez ese enormes e alargados pólipos laranxa dos que semellan floreciñas que inda non conseguín identificar. Despois unha rocha totalmente cuberta de man morta (Alcyonium digitatum) que bonito!

Finalmente, chegamos á reserva chicus! Dispoñémonos a ascender e cando incho un pouco o meu chaleco comezo o ascenso demasiado rápido, así que me agarro ao meu compi que tenta buscarme a válvula para baleirar o chaleco mentres os dous ascendemos e outro me tira da aleta con intención de baixarme, pero non foi posible! arrastreinos a todos comigo! e iso que levaba máis chumbos que outras veces... isto de andar con material que non coñeces...en fin, o importante é "non deixar de respirar"...ok!

Xa a bordo, contando aventuras e risas e dáste conta de que tan só foron 30 minutos da túa vida! pero que bonitos!

o seu fondo é de area con zonas de rochas. Visibilidade moi boa, co sol quentando. Algas, gorgonias, cabaliños de mar, peixes variados que algún día espero chegar a identificar con soltura... A profundidade máxima foi de 10 metros. A auga, como non!, tras pasar 45 minutos, agradable-fresca.

Parece que o grupiño de actividades subacuáticas estase a se animar e isto promete. Ata a próxima.

Emilio Ballesteros

ESCALADA

Canón do Sil

Domingo 13 de Maio, nove e media da mañá, diante do club Montañeiros Celtas.

- Aquí faltan algúns incondicionais...
- Inconvenientes de última hora.

Apertóns de mans, sorrisos e presentacións.

- Ola, canto tempo...-dime Maruxa.
- Ola, si que o fai Maru.
- ¿Estamos todos?

-Si, -di Fernando- temos que organizarnos nos coches, as cordas e o material témolos no coche. So falta que teñamos sorte co tempo, dan choivas... Temos que decidir se imos dun tirón ou paramos en algures para tomar un cafeciño.

-Podemos parar nos Peares. Se todos sabedes chegar ata alí vémonos na entrada da vila.

-Nós imos parar en Ourense para coller a Marisa. dixo Fernando.

Xa cos cafés nas mans, e antes de comezar a actividade, faciamos balance do que podería dar o día.

-Esta vía é accesible... esta non... esta comparte reunións...

Números, cifras e signos, todos mesturados na xusta proporción, dábanos as características das vías e das nosas posibilidades de saír victoriosos. E a señora do bar non sabia se 5+ eran en realidade cinco cafés máis ou aqueles tolos, que viñan de non se sabe onde, estábanlle a tomar o pelo.

Escoito falar de Alpes. Xiro e vexo a Roxelio e Marisa dando os últimos retoques á súa próxima viaxe. Di que este ano non fixo moitas viaxes... mátameme esta Marisa.

- Señora, cóbrenos.
- Xa pagou ese señor.
- Así da gusto...

Sáimos dos Peares e preto de alí, a catro quilómetros na dirección dos encoros de S. Pedro e S. Estevo, atópase a escola de escalada do canón so Sil.

Tiñamos as vías de escalada ao pé da estrada. Foi literalmente baixar do coche e pórse a escalar. Con tres cordas que levabamos fixemos outras tantas cordadas e despois de desentumecer os músculos puxémonos a escalar.

Eliximos, para empezar, o sector "Camachuelo" na súa vertente norte.

Alí atopamos o granito un pouco suzo pero coas ganas que levabamos non nos amedrentou e fixemos varias vías. Nomes coma "Reincidente" e "Huy mi corazón" topámonos nesa parede.

Logo pasamos á cara sur, un pouco máis técnica e en mellor estado. Os nomes das vías eran tan suxerentes como "Querrazones", "Como el pajarito al abismo" ou "manguero pa tu agujero". Alí xa nos atopamos con vías que non estaban ao noso alcance aínda que alguén o intentou.

Pasamos a mañá subindo e baixando aquel penedo e cando algún de nós nos atopabamos en dificultades alí estaba Fernando para dicirnos A vía só ten ese paso de dificultade, -xusto onde te atopabas e que tiñas que pasalo "A collóns de galo"

-¡A collóns de galo...!, gústame esa expresión, si señor, gústame. dícia Anxel, asturiano de nacemento, para máis sinais.

Pasando iso, todo (segundo Fernando) sería un camiño de rosas.

Ao medio día tocaba cambiar de sitio e baixamos douscentos metros pola estrada para chegar ao sector "Paporrubio", unha parede bastante vertical e de vías máis directas. Tiñamos que asegurar dende a mesma estrada.

O xantar demorouse ata as tres e media da tarde, signo ineludible do ben que o estabamos a pasar, e despois de acomodarnos, preto dun regato, comezamos a deglutir aquelas viandas que por a hora que era soubéronnos a gloria. A sobremesa comémola mirando como escalaban uns rapaces que coñecían as vías, para así facernos idea das dificultades ás que nos íamos enfrontar. Alí estaban as vías, tentándonos. "Ruper te necesito", "Capitan Spock" ou "papamoscas" eran algunhas delas.

A paisaxe que tiñamos era de película e cando chegabamos ao final da vía case que tiñan que tirar da corda para que baixáramos

-Que.. ¿estades de leria aí enriba?, ¿ides tardar moito en baixar? impacientábanse os de abaixo.

-Baixa ti. -Dixome Xoán.

-Non, ti diante, faltaría máis.

Tocaba recoller e volver para casa. De camiño para o coche parámonos para ver, dende lonxe, o sector "Fin de ano" onde escalaban uns rapaces e quedounos gañas de probar pero o día non daba para máis. Estamos obrigados a volver e non a de ser moi tarde.

De volta para casa fixemos unha paradiña, non podía ser menos. Tomamos uns refrixerios e fixemos mesa redonda para intercambiar experiencias. Todos marchabamos contentos do acontecido e eu o que máis. Esperamos volver o máis pronto posible.

-Vémonos na seguinte saída.

Enrique González

SENDEIRISMO

SENDEIRO BRAÑAS GAVIEIRA (PORTUGAL) 13 DE MAIO

O día 13 de maio ás 8.30 horas da mañá embarcamos no autobús coa posibilidade de que, uns cantos namorados da montaña e da chuvia, nos molláramos.

Chegamos á aldea de Rouças e co "bo tempo" decidimos subir polo bonito sendeiro previsto. Algúns quedaron na aldea, pero tamén gozaron da zona e da chuvia.

A compañía moi grata e a paisaxe preciosa. O tempo unha calamidade, pero con todo chegamos ás brañas.

Tivemos que parar por mor da brétema, pero atopamos un "restaurante" para poder recollernos e xantar na compañía na néboa e do bo humor. Tivemos que regresar sen cumprir co noso obxectivo, pero... imos repetilo!!!!, porque a zona promete e foi do gusto de todos.

Espero contar con todos os participantes deste día e que se anoten máis para cando repitamos este sendeiro, quizais no mes de setembro, e poder coñecer en condicións meteorolóxicas mellores, o cumio da Pedrada, o Foxo do Lobo, en definitiva un precioso sendeiro.

Antonio Caldelas

MONTAÑISMO

VILLAMANÍN-MONTAÑA DE ARGÜELLOS (LEÓN)

17 AO 20 DE MAIO

Saída organizada conxuntamente por Celtas e Trevinca, na que saímos o 17 pola mañá para chegar ao mediodía a Caldas de Luna e nada máis comer, comezar a camiñar. Día soleado que nos levaría ás 3 Mariás e á cima dunha delas, María de los Corros (1957 m.), dende onde se contemplaba Pajares, Os Ubiñas, O val de Arbás co embalse e o pobo de Casares de Arbás, onde rematamos a andaina. Despois o autobús trasladounos ata o albergue de Villamanín.

Ao día seguinte, fixéronse dous grupos, que subimos practicamente aos mesmos cumios, agás que un comezou no pobo de Pendilla e acabou en Tonín e o outro fixo travesía de dous días comezando en Pajares e, facendo todo unha cordal, subiu ao Cellón (2035 m.), Tres Concejos (2020 m.),

Robequeras (2110 m.), Estorbín (2115 m.), para rematar montando tendas e facendo vivac no collado de Valverde (1971 m.), onde Juan Carlos amenizou a cea cos seus chistes antes de meterse cada un no seu saco e observar, ao lonxe, co ceo vermello unha treboada, que grazas a Deus, non se achegou.

O sábado, despois de recoller todo e contemplar un mar de nubes, seguimos a nosa camiñada, pasando polo Vallequín (2079 m.), Campastiñosas (2101 m.), O Corralón (2121 m.), onde nos volvemos a xuntar co outro grupo. Dende alí, todos

xuntos, proseguimos a marcha, pasando pola Carpa (2162 m.), Bañacaballo (2181 m.) e dende aquí todo baixada ata o pobo de Piedrafita. Máis tarde, en Villamanín, unha merecida ducha, cea e algúns aínda tiveron folgos para celebrar o aniversario de Carlos Pi e os vinte e dous anos de casados de Giño e Isa.

O último día, o noso guía Tomás Campo tiñanos preparada outra sorpresa que era subir o Fontín (1953 m.) dende Villamanín. Unha subida moi bonita, só empanada nalgúns momentos pola néboa.

Unha proveitosa ponte, na que se gozou da montaña, o tempo nos acompañou e reinou un bo ambiente entre os dous clubs. Proba diso é que quen escribe este artigo para o voso boletín e dá as grazas é socio de Trevinca, e ademais, espera que estas saídas conxuntas se sigan facendo de cando en vez.

Lois Faro



SENDEIRISMO

CAMIÑO DE SANTIAGO - VIA DA PRATA V ETAPA

SANABRIA-BOADELA - A CASTELÁ 15-4-07

Ola camiñantes!...Non sei se influíu a Semana Santa ou que nalgún momento da etapa anterior se dixo que esta discorrería por asfalto, pero só 13 animados sendeiristas participamos nesta. Para o noso gozo, contamos cun día soleado e caloroso, ademais dun camiño entre árbores autóctonas, como carballos, castiñeiros, bidueiros e salgueiros. En total 28 km, coa variante de Santa Mariña de Augas Santas.

Sáimos en tres coches ás 8,30 h., deixando un deles ao final da etapa. E si, contades ben, nos outros dous metémonos 6 e 7 persoas. Menos mal íamos por estradas comarcais, e a penas nos cruzamos con coches.

Dende BOADELA, saímos por un bonito camiño empedrado entre un agradable bosque. En Xunquera de Ambia visitamos a igrexa do Mosteiro de Santa María la Real, e o seu bonito claustro de estilo tardogótico de influencia portuguesa.

Cara á hora de xantar buscamos unha sombra e un bar, e chegando a A Pousa topámonos co bar Manuel, onde comemos sentados comodamente na terraza.

Pensamos que facer, e como aínda era temperán, decidimos desviarnos monte a través facía Santa Mariña de Augas Santas. Tivemos o noso momento de aventura, xa que ademais de saírnos do camiño, perdémonos entre nós. Pero grazas á tecnoloxía, e a experiencia de Cristina, a nosa guía, non solo nos atopamos, senón que conseguimos chegar. O esforzo pagara a pena.

Unha señora moi amable abriunos a igrexa, a capela, e contounos a historia da Santa.

Aos que veñades á seguinte etapa contarémosvolos. Baixamos a través dun frondoso sendeiro pasando por varias aldeas como Outeiro de Laxar e Abeledo, para chegar a Pereiras, xa na estrada xeral. ÁS 20 h. Chegamos A Castelá onde deixáramos os coches.

O 27 de Maio esta prevista a VI etapa ORENSE- CEA. Contamos convosco.

Ah! A penas 5 km. por asfalto dos 28 que fixemos.

ELVA

INICIACIÓN Á ESCALADA

Data: 29 de Abril

Lugar: Serra do Galiñeiro

Participantes: 26 nenas/os e 7 monitores (4 da sección de Escalada)

Algúns saímos dende o club ás 9:15 h. e a maioría esperabamos no Galiñeiro. Sobre as 10:00 h. reunímonos nenos e monitores no refuxio do club para unha breve charla sobre o material e as técnicas básicas de escalada. Soubemos que o “friend” é o amiguiño que nos agarra dende as fendas e doutro aparello, entre mosqueteiro e moscón que nos ata e deixa libres á vez. Dividímonos en dous grupos: iniciados e novatos, e dirixímonos co material á zona de escalada. Alí

instalamos os rápeles e preparámonos para as técnicas de progresión e algunha vía fácil.

O grupo de iniciados quedou escalando mentres o outro facía sendeirismo polas cristas pedregosas do Galiñeiro, gozando das panorámicas e con algunha pequena trepada. Arredor das 14:00 h. xantamos todos xuntos diante do refuxio. Tras a sobremesa: xogos e contar as batallinas da mañá. Ás 15:00 h. continuamos as actividades: os novatos a escalar e os iniciados a facer cumes e estrear o “buzón” do Galiñeiro.

Rematamos sobre as 18:15 h., fomos baixando á área recreativa onde xa nos esperaban os pais e a chuvia que por esta vez tamén esperou a que acabáramos.

Carmen Fernández (monitora)

ACTIVIDADE INFANTIL DE PRIMAVERA

Data: 14 e 15 de abril

Aloxamento: Refuxio da Federación Galega de Montaña de A Seara na Serra do Laurel (Lugo)

Participantes: 19 nenas/os e 4 monitores

SÁBADO 14

Como de cotío saímos de Vigo dende o club ás 9:00 h. Cunha parada curta en Quiroga chegamos Á Seara ás 12:40. Acomodo da equipaxe, distribución das habitacións e ás 13:30 h. cantar no prado exterior ao refuxio aproveitando o bo día. Tempo de lecer e xogos ata as 15:30 h. que dende o refuxio fomos camiñando ao inicio do sendeiro previsto. Sendeiro circular no que pasamos pola fervenza máis espectacular do Caurel, Vieiros, alí paramos na rústica ponte con vistas ás “cataratas” (segundo os nenos). Seguimos entre bosque de carballos e castiñeiros e algunha pradería en costa que algúns aproveitaron para practicar a técnica de baixada “a rebolos”, ata chegar a estrada que nos levaba de novo ao refuxio. Chegamos sobre as 19:45 h. Xogos no interior do refuxio ata á 21:30 h. que os monitores preparamos a cea: pasta con atún, tomate e queixo,

amorodos e plátanos (agasallo dun pai, mil grazas), crema e leite quente con cola-cao. Arredor das 23:30 h. deitámonos tras unha sesión nocturna de sombras chinesas, tertulia e xogo das tebras.

DOMINGO 15

Erguémonos ás 8:00 h. e almorzamos ás 8:30 h. por conta da organización: froita variada, minibolos, biscoitos, galletas e cola-cao. Recollemos a equipaxe e entre todos limpamos o refuxio. Sobre as 11:00 h, saímos rumbo ao sendeiro, atravesamos a aldea da Seara coas súas casas de pedra e balcóns de madeira. Ao pouco de empezar o sendeiro atopamos outra longa fervenza, típico modelo “cola de cabalo” que baixaba do cumo da montaña. Seguimos camiño coa panorámica dos cumes do Caurel por un monte fucsia, cheo de uces en flor e xestas ata chegarmos a lagoa de Lucenza. Alí, con vistas ao Formigueiro, xantamos e biolo-monitora aproveitou para explicar a orixe glaciar e características da lagoa. Tras a sobremesa baixamos polo mesmo camiño parándonos na fervenza para achegarnos á tentadora poza-piscina que fai ao caer. Dende a Seara saímos cara a Vigo ás 16:40 h. e cunha parada na estación de servizo de Ribadavia, chegamos ás 20:10 h.

Carmen Fernández (monitora)



O 4 de Maio celebrouse no local do Club ás 20:00 a presentación da Operación Benxamín do ano 2007. Explicouse como se ían desenvolver as dúas fins de semana, en que lugares, que roupa levar, equipo ...

DATA 5-6 maio

LUGAR: Parque Natural Monte Aloia

Participantes: 23 rapaces e 6 monitores

Na primeira fin de semana da Operación Benxamín, fomos ao Parque Natural do Monte Aloia, onde Montañeiros Celtas ten un refuxio.

Saímos cedo do club para aproveitar máis o tempo, eramos un total de 23 rapaces e 6 monitores.

Ó chegar distribuímonos nas habitacións e fixemos uns xogos de presentación para coñecer mellor os nomes dos compañeiros. E logo paseniño, paseniño fixemos unha pequena camiñata. Era a ruta de sendeirismo marcada co nome de Cabana-Cabaciña, onde puidemos contemplar a fermosa paisaxe do val de Tui.

Despois de xantar fixemos uns xogos de orientación e unha charla participativa de como facer unha mochila.

Xa pola noite e despois de cear no restaurante, fixemos un xogo nocturno no que os rapaces tiñan que atopar ós monitores que estaban agochados. Menos mal que eramos poucos, que senón...inda estarían buscándonos...

O Domingo pola mañá despois de almorzar, limpar o refuxio, falar da alimentación na montaña e facer as mochilas, fomos cara ó centro de interpretación, onde Geles (unha das guías do parque), explicounos coa simpatía que a caracteriza a historia do Parque Natural e o que podíamos atopar na ruta que iamos facer de seguido: O rego de Pedra. Alí estivemos o resto do día, xantamos á sombra dun piñeiral e ó rematar seguimos polo rego de pedra ata a senda botánica. Nela fixemos un xogo para coñecer as árbores e arbustos dos nosos montes. E co tempo xustiño collemos o bus e regresamos ó Club.

DATA: 12-13 de Maio

LUGAR: Acampada nos Montes de Oia, entre os concellos de Oia e O Rosal (Pontevedra)

Participantes: 26 nenos/as e 6 monitores

No noso horario habitual saímos de Vigo O SÁBADO ás 9:00 h. e chegamos ao inicio da pista cara a zona de acampada ás 9:45 h. Metemos os vultos (mochilas de carga, tendas, cociña...) na furgoneta dunha monitora e fomos camiñando polo bosque ata a zona onde decidíramos acampar: unha agradable explanada de herba e árbores ao lado do río. Charla sobre a montaxe de campamento, distribución nas tendas e cada grupo foi montando a súa seguindo o aprendido no charla e co asesoramento dos monitores. Ao rematar iniciamos unha ruta cara á zona de escalada. Alí cantamos ao lado do río. Sobre as 15:00 h. retomamos as actividades, fixemos dous grupos: os que xa fixeran escalada e os que non. Despois dunha breve explicación sobre o material e as técnicas de escalada, un grupo quedou facendo rapel nunhas rochas cunha minifervenza e os outros seguimos coa marcha.

O sendeiro levounos aos famosos Muíños de Folón e a gozar coas vistas da desembocadura do Miño no océano.



Ás 17:00 h. volvemos cara a zona de escalada e intercambiamos os grupos: os experimentados quedaron facendo rapel, algúns afortunados sobre a fervenza e cun pequeno baño na poza polo mesmo prezo. Cos de sendeirismo variamos un pouco o percorrido e tras os muíños achegámonos á ermida de San Martiño, nun enclave de romaría moi acolledor. Sobre as 20:00 h. volvemos ó campamento. Ás 21:00 h. ceamos por conta da organización: espaguetes con bonito, froita (mazás, plátanos e amorodos) e leite quente con cola-cao e galletas. Aínda que a noite estaba moi negra, a cousa prometía. Oleg improvisou unha txalaparta cuns paos e acompañado de Eloi empezou un animado concerto que a tormenta cortou e nos levou a todos a refuxiarnos nas tendas. E para rematar un día de experiencias forte, unha arrepiante noite de diluvio e o ouvear do vento.

O Domingo 13 tras a proba de supervivencia custaba saír a un mundo gris e mollado así que remoloneamos ata as 9:30 h., hora na que os monitores preparamos o almorzo: cola-cao, microcroissants, biscoitos, galletas e froita. O día estaba de chaparradas repentinas polo que decidimos facer o concurso de cociña no interior dunha tenda bastante grande. Reuníronse por grupos (xa feitos a fin de semana anterior) e cada un cos seus ingredientes e imaxinación postos en común elaboraron un ou dous pratos (un doce e outro salgado). Puxéronlles orixinais nomes e o xurado (os monitores) outorgamos os merecidos premios. Logo da degustación conxunta como parva fixemos unha camiñada ata o lugar onde se fai o curro de Valga que se celebraba ese día. Esperabamos ver os cabalos que quedaban a última hora, despois do mogollón, pero suspendérase polo tempo. Así que fixemos o noso propio curro e carreiras de nenos-cabalo nas instalacións do curro orixinal. Ás 14:00 h. volvemos correndo pois outra nube descargaba a súa furia contra nós. Xantamos no campamento. Tempo de lecer e xogos tradicionais: saltar a corda (aprendendo a non perder “comba”), tiro da corda ... E como empezaba a enésima tormenta recollemos rapidamente o campamento, cargamos na furgon e pitando para o bus. Chegamos a Vigo ás 18:00 h., ao club onde rematamos a tarde.

A sección